

## ACORDO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA A PROMOCION DE ACTIVIDADES CONXUNTAS

En Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2017

### REUNIDOS

Dunha parte, Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora Xerente da **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provisto de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.) G-15721640, segundo poder outorgado polo Padroado da Fundación, elevado a público ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. , o día , co seu número de protocolo .

Doutra, con DNI , na súa calidade de Presidenta do Consello Reitor da **7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA** con CIF e domicilio social en , no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

### EXPOÑEN

**Primeiro-** Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

**Segundo-** Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

O Gaiás está intimamente ligado ao fomento do Emprendemento en toda a súa extensión, programando actividades formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM), con especial énfase en proxectos que favorezan o crecemento económico e a creación de emprego, actuando como elementos vehiculares na transmisión da identidade cultural, aspecto este esencial na difusión e promoción da diversidade cultural e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

**Terceiro-** Que **7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA** é unha cooperativa de traballo asociado que ten como obxectivo a creación de proxectos, dinámicas e outras accións que promovan o asentamento da creación artística na sociedade, así como a regularización do sector profesional en Galicia. Se trata de unha entidade de traballo asociado que ten por obxectivo principal o de unir, regularizar e visibilizar o sector cultural e creativo de Galicia. Aséntase no concepto “ocupación artística” [a través dunha ocupación artística de espazos e contextos sociais destinados a investigación, produción, difusión e experimentación creativa, pretenden establecer conexión entre o mundo artístico e a sociedade].

7H Sociedade Cooperativa Galega foi recoñecida como a gañadora dos premios *Emprende Gaiás - “Sixto Seco”* na Cidade da Cultura de Galicia (Convocatoria 2014) na Modalidade C, promovidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Entre os premios concedidos por esta Fundación, se atopaba a ocupación dun posto no Coworking.

Os resultados acadados polo proxecto foron extraordinarios, o que motivou colaboracións puntuais para a organización de actos, eventos e xornadas no CEM da Cidade da Cultura de Galicia.

**Cuarto.-** Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e **7H Sociedade Cooperativa Galega** están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación no CEM (Centro de Emprendemento Creativo de Galicia) para a promoción da cultura emprendedora e á

contribución ao crecemento económico e creación de emprego, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

Polo presente acordo, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e 7H Sociedade Cooperativa Galega acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, para a programación de actividades conxuntas, formativas e de asesoramento que redunden nas empresas emprendedoras que actualmente se ubican no Centro de Emprendemento (CEM) dentro dos espazos Emprende Cultura Gaiás (espazo coworking) e Viveiro Gaiás.

Entre as accións programadas, 7H Sociedade Cooperativa Galega realizará dentro do Centro de Emprendemento, se atopa Cidade Creativa, unha plataforma para o intercambio de ideas e experiencias, creatividade e coñecemento, onde se dean cita anual a artesanía galega e a experimentación creativa nos seus moi diversos eidos.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

A 7H Sociedade Cooperativa Galega correspóndelle:

1. Realización de CIDADE CREATIVA. 7H Sociedade Cooperativa Galega se compromete a:

- Deseño, planificación, organización e xestión do evento.
- Campaña de difusión, promoción e posicionamento.
- Deseño da imaxe, newssletter.
- Deseño de contido, memorias e briefing dos eventos.
- Campaña de Promoción On line e en Redes Sociais.
- Elaboración dos soportes físicos ( roller, flyers..) e dixitais, on e off line, da imaxe, contido, logotipos de patrocinadores e colaboradores.
- Secretaría técnica dos evento. Levando a xestión e inscricións.
- Funcións de RRPP antes, durante e despois da CIDADE CREATIVA.

2. Mantemento da sede 7H Sociedade Cooperativa Galega no Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CEM). Sen prexuízo doutras obrigas, 7H Sociedade Cooperativa Galega obrígase a:

- Destinar o espazo ocupado no CEM ao uso para o que se reserva, non podendo ser utilizado para o desenvolvemento de actividades distintas ou daquelas outras que non estean expresamente autorizadas, por escrito, pola Fundación.
- 7H Sociedade Cooperativa Galega comprométese a respectar as normas establecidas pola Fundación Cidade da Cultura, en materia de estética do edificio, identidade corporativa, horarios e outra normativa de uso que se poida esixir.
- Respectar as normas de hixiene e preventivas que a Fundación poida establecer. En particular, 7H Sociedade Cooperativa Galega obrígase a non introducir nin depositar no local arrendado materiais nocivos, insalubres ou perigosos ou calquera outros que, pola súa natureza ou manipulación, poidan producir molestias ou malos olores.
- Non realizar, sen autorización previa, expresa e por escrito, da Fundación, no espazo ocupado no CEM nin na zona de servizos comúns, ningunha clase de obras de reparación, conservación ou mellora. En todo caso, á finalización da ocupación, 7H Sociedade Cooperativa Galega entregará o espazo arrendado limpo e co equipamento e mobiliario, nas mesmas condicións nas que lle foron entregados.

- Conservar en perfecto estado de funcionamento e seguridade, tanto o espazo ocupado no CEM coma o seu equipamento e instalacións fixas de electricidade, rede de datos e telefonía.
- Non ceder, subarrendar nin traspasar, de forma total ou parcial a terceiros, o espazo ocupado no CEM. Así mesmo, a extinción do contrato polo transcurso do termo convido, non dará dereito a 7H Sociedade Cooperativa Galega a indemnización ningunha a cargo da Fundación.
- 7H Sociedade Cooperativa Galega deberá contar en todo momento coas Licenzas Administrativas tanto locais e autonómicas coma estatais, que amporen a totalidade das actividades que desenvolva, e deberá cumprir fielmente a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais e cando sectorial exista en materia de seguridade e deberá satisfacer a totalidade dos tributos que por calquera concepto graven a súa actividade. Serán de conta e risco de 7H Sociedade Cooperativa Galega a obtención dos permisos e licenzas que resulten necesarios para a apertura e o desenvolvemento da súa actividade, sendo ao seu cargo todos os impostos, arbitrios e demais contribucións que se impoñan, correspondentes ao negocio ou por razón deste.
- 7H Sociedade Cooperativa Galega obrígase a permitir o acceso ao espazo, ao persoal asignado pola Fundación, e aos operarios ou industriais mandados por esta, para a realización, inspección e comprobación de calquera clase de obras ou reparacións que afecten ao espazo arrendado, dentro do horario normal de apertura. En caso de urxencia ou forza maior, poderá tamén a Fundación, por si ou por medio de persoas autorizadas, acceder ese espazo fóra das horas de apertura ou funcionamento, para atender as reparacións ou revisións precisas e adoptar as medidas necesarias. Nestes casos, darase conta inmediata ao arrendatario do actuado.

### **TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.**

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

- a) A cesión gratuíta dun espazo no espazo do Viveiro Gaiás do CEM, dende a data de sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2017, coas seguintes prestacións;
  - Acceso ilimitado no horario de apertura do CEM, mesa de traballo, moble de caixóns, sala de reunións e escaparate/showroom. O horario máximo de utilización da sala de reunións será limitado en función do número de empresas ubicadas no CEM, sendo de aplicación o disposto no Regulamento de Réxime Interno para o edificio.
  - Servizos comúns;

|                          |                                                                                                           |
|--------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Rede wifi:               | Gratuíta                                                                                                  |
| Teléfono fixo:           | Segundo custo                                                                                             |
| Impresora/fotocopiadora: | Segundo custo (a facturación do servizo realizarase unha vez ao ano, segundo os datos de uso por empresa) |
- b) Colaborar na organización canda menos de 7 xornadas de formación ou networking, conforme as seguintes directrices;
  - Idoneidade do Espazo
  - Coordinación coa campaña de comunicación deseñada por 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .
  - Encargarase da idoneidade do espazo para os eventos.
  - Necesidades loxísticas para o correcto desenvolvemento dos eventos.
  - Dará visto bo á campaña de branding, difusión e comunicación elaborada por 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .

- Poderá propoñer relatores para os eventos formato ted en coordinación con 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .
  - Estar presente xunto a 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA , en todas as accións públicas con motivo dos eventos
  - Estar presente xunto a 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA , en todas as campañas de comunicación.
  - Estar presente xunto a 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA , en todos os soportes on e off line.
  - Formar parte xunto a 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA todas as decisións sobre a organización, xestión tanto do evento como da comunicación.
- c) A organización e a xestión en xeral do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia e a coordinación das actividades comúns desenvolvidas polos centros ou entidades ubicadas nela.
- d) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio de 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA , a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- e) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC, incluíndo o edificio CEM no que se ubica o espazo cedido a 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .
- f) A promoción, programación, xestión e explotación das actividades culturais a desenvolver en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.
- g) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- h) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- i) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por outros centros, entidades ou persoas, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.

#### **CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.**

7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

#### **QUINTA.- RESPONSABILIDADES**

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo ocupado, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato. A vixiancia e seguridade do mobiliario e equipamento da súa propiedade serán por conta de 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo arrendado, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento Creativo de Galicia obxecto do presente contrato. 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA será o único responsable de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

#### **SEXTA.- FINANCIAMENTO**

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA ademais dos gastos de persoal dependente do 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA , calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais dos eventos, das xornadas de formación ou networking, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .

Así mesmo, serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios, correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA ) ou impostos que afecten ao inmovible.

#### **SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.**

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA .

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio CEM, e 7H SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

## **OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

## **NOVENA.- VIXENCIA.**

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista no obxecto do presente convenio, isto é, ata 31 de decembro de 2017, podendo ser prorrogado por anualidades, de mutuo acordo, sempre que dito acordo sexa expreso e formalizado por escrito, cun mes da antelación á finalización da anualidade correspondente.

O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades conveniantes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

## **DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.**

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

## **UNDECIMA.- PUBLICIDADE**

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

## **DUODÉCIMA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE**

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4. O convenio rexerese polas súas propias

cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por 7H Sociedade Cooperativa Galega

Ana Isabel Vázquez Reboredo  
Directora Xerente

Presidenta Consello Reitor